



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VALDOVIÑO

Nomeamento persoal eventual. Concello de Valdoviño

ANUNCIO

Pola Alcaldía do Concello de Valdoviño, emitíuse decreto de nomeamento de persoal eventual, e ratificouse dito decreto polo Pleno do Concello en sesión de 20.07.23; do contido seguinte:

“DECRETO NOMEAMENTO PERSOAL EVENTUAL

Por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de xullo de 2020 de aprobación de modificación de Cadro de Persoal relativo a creación de posto de función de confianza, así coma o decreto de alcaldía número 455/2020 de 13.11.2020 relativo a nomeamento de persoal eventual coas seguintes tarefas e características:

- ASESOR

CLASE: PERSOAL EVENTUAL.

GRUPO TITULACIÓN : A

SUBGRUPO : A1

REQUISITO : LICENCIATURA-GRAO EN DEREITO.

FUNCIÓNS : FUNCIÓNS DE CONFIANZA E ASESORAMENTO ESPECIAL Á ALCALDÍA.

O pasado 28 de maio de 2023, tiveron lugar as eleccións locais, debendo producirse proximamente a renovación da Corporación municipal no día 17 de xuño do corrente (sesión constitutiva nova Corporación).

Por este motivo, en virtude da normativa vixente, por decreto de Alcaldía número 324/2023 de data 16.06.2023 resolveuse:

...

“

.-**Primeiro.**- Cesar ao persoal eventual da Corporación (funcións de confianza e asesoramento especial a Alcaldía), DONA CARLA TEIJEIRO PRIETO con efectividade de 16 de xuño de 2023.

.- **Segundo.**- Trasladar dita resolución aos servizos económicos aos efectos de que realicen tódolos trámites derivados do cese, así coma aos servizos da secretaría municipal para incorporación da resolución o correspondente expediente.

.- **Terceiro.**- Notificar esta resolución á interesada para o seu coñecemento.”

Dita Resolución notificouse á interesada neste mesmo día do 16 de xuño de 2023, e relacionouse dita resolución co expediente 2020/E001/000006.

Sendo intención o mantemento desta persoa como persoal eventual coas mesmas funcións de confianza e asesoramento especial á Alcaldía, pola presente **RESOLVO:**

PRIMERO.- Proceder ao nomeamento de D^a Carla Teijeiro Prieto, coma Asesora vinculada á Alcaldía-Presidencia do Concello de Valdoviño, con carácter de persoal eventual, coas funcións sinaladas no acordo plenario adoptado o 16 de xullo de 2020 .

SEGUNDO.- As retribucións e condicións de traballo serán as existentes antes do cese.

TERCEIRO.- O nomeamento terá efectos dende o momento da toma de posesión que se prevé para o luns día 19.06.2023, e o cese ou separación será adoptado libremente pola Alcaldía en calquera momento do actual mandato ou, entodo caso, cesará automaticamente cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presete a súa función de confianza e/ou asesoramento.

CUARTO.- Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos e persoal de Secretaría para levar a cabo os tramites necesarios.

QUINTO.- Notificar esta resolución á interesada, aos efectos procedentes.

SEXTO.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se publica a efectos do seu xeral coñecemento.

En Valdoviño, a 02 de agosto de 2023.

O alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández

2023/6545